



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412/14
Fax: 981-767358

BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CONDUCTORES DE VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA PARTICIPAR NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

PRIMEIRA: As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para a contratacóns laborais temporais do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Porto do Son para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, o obxecto desta contratación é actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo, colaborando na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emergencias do Distrito Forestal onde se sitúe o concello. A natureza dos contratos será laboral temporal, a modalidade e duración determinarase para cada contratación en función das necesidades do servizo, a retribución será a establecida no Convenio colectivo do Concello de Porto do Son, os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba. A duración da contratación comprenderá dende o 01/07/2014 ata o 15/10/2014.

SEGUNDA: É de aplicación as disposicións da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público no que atinxe ás especialidades do emprego público desta natureza, así como a normativa concordante.

TERCEIRA: As persoas interesadas en tomar parte desta bolsa de emprego, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dun país membro da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola UE e ratificados por España.
- b) Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CC.AA. ou das EE.LL., nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e) Posuér o carnet de conducir: C1.

CUARTA: Publicidade da convocatoria. As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida ao Sr. Alcalde, consonte ao modelo que se facilitará nas oficinas municipais, no rexistro xeral do Concello de 9:00 a 13:30 horas. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 (cinco) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no xornal El Correo Gallego, se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

A instancia irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación:

Rixado no vauellu ou escrivu
o dia 17 de Xuño de 2014
Retirado
O/A Funcionario/a



CONCELLO DE
PORTO DO SON



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412/14
Fax: 981-767358

- a) *Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, ou pasaporte. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible; e no seu caso, o permiso de residencia en vigor.*
- b) *Fotocopia compulsada do carnet de conducir: C1.*
- c) *Documentación acreditativa dos méritos alegados.*

As instancias tamén poderán presentarse a través do procedemento previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas ou Procedemento Administrativo Común. Se optan por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada. Neste caso e cando se presente a instancia noutro Rexistro Público diferente ao do Concello de Porto do Son, os solicitantes antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes deberán remitir copia da instancia debidamente selada ou rexistrada ao número de fax do Concello: 981767358. No caso de non remitir esta documentación vía fax, se terán por desistidos da súa petición.

QUINTA: Na selección valoraranse os seguintes méritos:

1.- **Servizos prestados** na Administración como conductor de vehículo motobomba, ata a data de publicación das bases, acreditaranse mediante certificado de empresa ou certificado de servizos prestados/vida laboral (adxuntando contratos),

0,10 puntos por mes traballado ata un **máximo de 3 puntos**.

2.- **Proba práctica** a desenvolver polos aspirantes, realizarase na explanada do Peirao do Porto do Son o día hábil seguinte (agás que cadre en sábado), ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, ás 10:00 horas. Consistirá na realización dunha proba de manexo do camión motobomba. **Valorarase de 0 a 7 puntos**.

3.- **Proba física eliminatoria** a desenvolver polos dous aspirantes que acadaron a maior puntuación na suma dos servizos prestados e da proba práctica, segundo o baremo fixado no anexo II do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Porto do Son.

Para as contratacións que se leven a cabo en execución do convenio, de asinarse, seleccionarase aos dous conductores que obteñan a mellor puntuación.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, esta resolverase pola puntuación obtida na proba práctica e se isto non fora suficiente de persistir o empate resolverase mediante sorteo público entre os candidatos con igual puntuación.

SEXTA: O Tribunal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Persoal designado polo do Distrito Forestal IV da Xunta de Galicia.

Vogal: Sonia Pérez lido.

Secretario: Julio Seijas Arufe.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412/14
Fax: 981-767358

SÉTIMA: Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a correspondente relación de aspirantes ordenados de maior a menor puntuación, co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir as contratacóns posibles ou para atender necesidades imprevistas.

OITAVA: Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son en horario de 9:00 a 13:30, **no prazo de 1 día natural** (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte) dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada de non atoparse incuso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.


De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

NOVENA: En todo o non previsto por estas Bases, os contratos rexeranse polo disposto na lexislación reguladora dos contratos de duración determinada e no Estatuto dos Traballadores, así como pola lexislación vixente en materia de función pública que sexa de aplicación ao persoal laboral dos entes locais.

DECIMA: Para as posibles contratacóns que resulten da presente bolsa de emprego será condición necesaria a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Porto do Son

Porto do Son, 18 de xuño de 2014

O ALCALDE



Asd.: José Luis Oujo Pouso.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412/14
Fax: 981-767358

MODELO DE INSTANCIA.

D/Dna. _____ de ____ anos, con domicilio en
_____, nº ___, piso ___, C.P. ___,
teléfono _____, D.N.I. _____

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso de creación dunha bolsa de emprego convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de CONDUCTORES VEHÍCULO MOTOBOMBA.

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia (SINALAR CUN X)

- fotocopia compulsada do DNI.
- fotocopia compulsada do carnet de conducir: C1.
- documentación que xustifique os méritos que se aleguen.

Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE CONDUCTOR DE VEHÍCULO MOTOBOMBA, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

En Porto do Son, _____ de _____ de 2014.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.